

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

RESOLUCIÓN do 28 de xaneiro de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convocan bolsas de traballo de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia (código de procedemento XU700A).

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, establece que os órganos competentes das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza poderán nomear funcionarios interinos por necesidade do servizo cando non sexa posible, coa urxencia exixida polas circunstancias, a prestación de servizos por funcionarios de carreira, de acordo cos criterios obxectivos que se fixen por disposición da Comunidade Autónoma.

Mediante o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, traspasáronselle á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, funcións que foron asumidas polo Decreto 438/1996, do 20 de decembro, da Xunta de Galicia.

A Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 4 de outubro de 2018, regula a selección e o nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios nos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia (DOG núm. 204, do 25 de outubro). A dita orde modificouse pola Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, do 30 de novembro de 2021, pola que se modifica a Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia (DOG núm. 241, do 17 de decembro).

Polo anterior, e consonte o previsto no artigo 11 da orde, sendo a Dirección Xeral de Xustiza, o órgano competente para a convocatoria e constitución das bolsas de traballo,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto da convocatoria*

1. Convócase o proceso de formación de bolsas de traballo para desempeñar interinamente os postos de persoal funcionario dos corpos de xestión procesual e administrativa,



de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial nos órganos da Administración de xustiza en Galicia (código de procedemento XU700A).

2. Esta convocatoria regúlase polo establecido na Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 4 de outubro de 2018, sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, modificada pola Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, do 30 de novembro de 2021 (de aquí en diante, a Orde do 4 de outubro de 2018).

Artigo 2. *Bolsas de traballo e de reserva*

1. Formarase unha bolsa de traballo e unha bolsa de reserva de ámbito provincial para cada un dos corpos de persoal funcionario indicados no artigo primeiro desta resolución, cuxos integrantes estarán distribuídos, se for o caso, de conformidade coas zonas de preferencia sinaladas na correspondente solicitude, as cales figuran na disposición adicional segunda da Orde do 4 de outubro de 2018. Cada bolsa estará integrada polas persoas seleccionadas, ordenadas nunha listaxe en función da puntuación que obtivesen na valoración dos méritos.

2. Só se poderá estar incluído nunha bolsa provincial de traballo ou de reserva e nunha zona de preferencia.

3. O número de integrantes das bolsas de traballo e de reserva será o seguinte:

| Corpo | A Coruña | | | Lugo | | | Ourense | | | Pontevedra | | |
|-------------|----------|---------|-------|----------|---------|-------|----------|---------|-------|------------|---------|-------|
| | Traballo | Reserva | Total | Traballo | Reserva | Total | Traballo | Reserva | Total | Traballo | Reserva | Total |
| Xestión | 60 | 40 | 100 | 19 | 12 | 31 | 16 | 11 | 27 | 49 | 33 | 82 |
| Tramitación | 114 | 76 | 190 | 28 | 19 | 47 | 29 | 19 | 48 | 90 | 60 | 150 |
| Auxilio | 92 | 61 | 153 | 21 | 14 | 35 | 19 | 13 | 32 | 72 | 48 | 120 |

4. O persoal solicitante que, admitido definitivamente, non se integre nin na bolsa de traballo nin na de reserva do correspondente corpo por exceder o número de integrantes fixado quedará nunha listaxe de persoas baremadas á cal se poderá recorrer de acordo co previsto no artigo 6 da Orde do 4 de outubro de 2018.

Cando se produza o cesamento das persoas nomeadas ao abeiro do establecido neste punto, regresarán á mesma posición que ocupaban na listaxe antes de producirse o seu nomeamento.



5. En cada bolsa reservárase o 7 % dos postos para persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

Artigo 3. *Requisitos das persoas solicitantes*

1. O persoal aspirante a formar parte das bolsas deberá reunir, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

▪ Requisitos xerais:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non ter acadada a idade máxima de xubilación forzosa. No caso do corpo de auxilio xudicial, a idade mínima será de 18 anos, ao abeiro do establecido no artigo 56.3 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, atendendo ás funcións atribuídas a este corpo no artigo 478 da Lei orgánica do poder xudicial, e particularmente ao seu carácter de axentes da autoridade.

c) Non ter sido condenado/a por delito doloso a penas privativas de liberdade maiores de tres anos, a menos que se obtivese a cancelación de antecedentes penais ou a rehabilitación.

d) Non ter sido inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, salvo que fose debidamente rehabilitado/a.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo dunha Administración pública.

f) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade para o exercicio da función pública na Administración de xustiza.

g) Figurar inscrito/a no servizo público competente como demandante de emprego ou como mellora de emprego, agás que estea traballando ou estea nas bolsas de interinos da Administración de xustiza.

h) Non padecer defecto físico ou enfermidade psíquica ou física, ou calquera outra circunstancia que o/a incapacite para o desempeño das tarefas propias do corpo en que solicite a inclusión.



▪ Requisitos específicos:

a) Titulación. Deberá posuír, ou estar en condicións de obter, a titulación que se exixiu na última convocatoria publicada no BOE para acceder como persoal funcionario de carreira ao corpo de que se trate:

– Para o corpo de xestión procesual e administrativa: título de grao, diplomatura universitaria, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou equivalente.

– Para o corpo de tramitación procesual e administrativa: título de bacharelato ou titulación equivalente.

– Para o corpo de auxilio xudicial: título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou titulación equivalente.

b) Para a inclusión nos corpos de xestión procesual e administrativa e de tramitación procesual e administrativa, deberase acreditar a experiencia na utilización do procesador de tratamento informatizado de textos.

2. Ademais, o persoal aspirante que se presente pola cota de reserva de persoas con discapacidade deberá, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, ter recoñecida a condición legal de discapacidade cun grao igual ou superior ao 33 %, así como acreditar a compatibilidade para o desempeño das funcións correspondentes ao corpo a que se presenten, mediante certificado ou informe expedido para o efecto polo órgano competente.

Artigo 4. *Prazo e forma de presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Oficina virtual do persoal da Administración de xustiza (OPAX), no sitio web <http://opax.xunta.es>, accesible tamén a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

3. Para acceder ao formulario normalizado e presentar a solicitude, deberase dispor dun usuario rexistrado na OPAX e dun certificado electrónico cualificado (DNI electrónico,



tarxeta de identificación de persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia ou outro considerado válido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia).

Para o suposto de non contar con usuario, farase uso da opción habilitada na OPAX para o rexistro de novos usuarios. No dito sitio web dispórase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas poderanse dirixir á Dirección Xeral de Xustiza, a través do correo electrónico servicio.persoal.xustiza@xunta.gal

4. Unha vez que se acceda á OPAX, a persoa solicitante deberá seleccionar a opción correspondente á solicitude de inclusión nas bolsas de persoal interino e cubrir todos os campos requiridos, indicando as bolsas a que se presenta, provincia/s, corpo/s e zona/s de preferencia.

5. Os datos que, de ser o caso, consten no sistema informático de xestión de persoal da Administración de xustiza en Galicia aparecerán precargados.

6. A persoa solicitante, despois de comprobar que todos os datos son correctos, deberá asinar e presentar a solicitude e xuntar, de ser o caso, a documentación acreditativa dos requisitos e méritos alegados.

Para poder asinar e presentar a solicitude, deberase dispor dun certificado electrónico cualificado (DNI electrónico, tarxeta de identificación de persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia ou outro considerado válido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia).

O sistema asignará un código que acreditará a presentación electrónica, e será posible obter do sistema un xustificante desta.

7. Non se admitirán as solicitudes que sexan presentadas por outro medio distinto ao sinalado neste artigo. Tampouco se admitirán as solicitudes en estado de borrador.

8. Unha vez presentada a solicitude, se a persoa solicitante non está conforme cos datos presentados pode, se o desexa, presentar unha nova solicitude dentro do prazo de presentación sinalado no número 1 deste artigo; neste caso, só será válida a última das solicitudes presentadas de conformidade con este artigo e quedará anulada calquera outra solicitude presentada anteriormente.



9. Todas as persoas aspirantes a formar parte das bolsas de interinos deberán presentar a correspondente solicitude con indicación dos corpos a que queiran optar, con independencia de que formen parte de bolsas anteriores ou de que estean prestando servizos nos órganos da Administración de xustiza de Galicia. En caso contrario, non serán incluídas de oficio pola Administración nas novas bolsas.

Artigo 5. *Documentación complementaria*

1. As persoas solicitantes, no prazo establecido no artigo 4.1 desta convocatoria, deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificado acreditativo de estar traballando na Administración de xustiza ou de estar nas bolsas de persoal interino desta (só no caso de que estas non estean xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia).

b) Para aqueles casos en que a persoa solicitante participe pola cota de discapacidade, documento acreditativo en que conste o grao de discapacidade (só no caso de que a discapacidade fose recoñecida por outra Administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia).

Así mesmo, será necesaria unha certificación ou informe de compatibilidade para o desempeño das funcións do corpo de funcionarios sinalado na solicitude, expedido polo equipo de valoración e orientación correspondente ou órgano competente.

c) Copia da xustificación do pagamento dos dereitos de expedición da titulación correspondente (no caso de non estar en posesión do título).

d) De ser o caso, copia da homologación ou validación do título pola Administración educativa española no caso de presentar un título académico estranxeiro.

e) Documento acreditativo da experiencia na utilización do procesador de tratamento informatizado de textos, de ser o caso.

f) Documento acreditativo da superación de exercicios nas tres últimas oposicións dos distintos corpos da Administración de xustiza (só no caso de corpos distintos aos do ámbito das bolsas obxecto desta convocatoria ou de non estar conforme cos datos pre-cargados).



g) Documento acreditativo dos servizos prestados como persoal funcionario da Administración de xustiza (só no caso de que estes non estivesen recoñecidos pola Comunidade Autónoma de Galicia ou no caso de non estar conforme cos datos pre-cargados).

h) Documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega (só no caso de que non estivese certificado pola Escola Galega de Administración Pública ou expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística).

i) Documentación acreditativa de cursos de formación complementaria (só no caso de que non estivesen certificados pola Escola Galega de Administración Pública).

j) Documentación acreditativa de ter superado os tres primeiros cursos da licenciatura en Dereito ou pola obtención de 180 créditos de grao en Dereito, de ser o caso.

2. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente a través da opción de achega de documentación xustificativa dispoñible na OPAX.

Os documentos que se xunten deberanse escanear en formato PDF, sen que se admita ningún outro formato.

Carecerán de validez os documentos achegados con emendas ou riscadas, ou aqueles que non resulten lexibles.

3. As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Non será necesario presentar documentación acreditativa para aquelas persoas solicitantes que estean conformes cos datos precargados na aplicación informática ao cubriren a solicitude. No caso de non estaren conformes con estes datos, poderanos modificar, para o cal terán que presentar a correspondente documentación acreditativa na forma establecida no número 2 deste artigo.

No suposto de que a persoa solicitante non estea conforme cos datos que reflicte a aplicación informática respecto dos servizos prestados, deberá achegar a documentación de todos aqueles que alegue e non só daqueles sobre os cales discrepe.



Artigo 6. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Documento nacional de identidade/NIE da persoa solicitante.

b) Inscripción no Servizo Público de Emprego, de ser o caso.

c) Títulos oficiais universitarios.

d) Títulos oficiais non universitarios.

e) Datos de exercicios aprobados nas oposicións para o acceso aos corpos do ámbito das bolsas obxecto desta convocatoria.

f) Servizos prestados como persoal funcionario de Xustiza (só no caso de que estes fosen recoñecidos pola Comunidade Autónoma de Galicia).

g) Certificado acreditativo de estar traballando na Administración de xustiza ou estar nas bolsas de persoal interino desta (só no caso das bolsas xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia).

h) Celga 4, ou titulación equivalente, se están expedidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

i) Cursos de linguaxe xurídica de nivel medio e de linguaxe xurídica de nivel superior, certificados pola Escola Galega de Administración Pública.

j) Cursos de formación certificados pola Escola Galega de Administración Pública.

2. Consultarase, ademais, o seguinte dato cando a persoa solicitante faga constar na solicitud que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

– Documentación acreditativa do grao de discapacidade da persoa solicitante, en caso de que fose recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.



3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado na solicitude e achegar a documentación acreditativa do mesmo xeito que se establece no artigo anterior para a documentación complementaria.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos ditos datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

A inexactitude ou falsidade nos datos alegados poderá dar lugar á exclusión da bolsa correspondente, logo de audiencia da persoa interesada.

Artigo 7. *Valoración de méritos*

A valoración dos méritos alegados rexeráse polo establecido no artigo 10 da Orde do 4 de outubro de 2018.

Só se valorarán aqueles méritos que se posúan na data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 8. *Procedemento de configuración das listas*

1. Listas provisionais de persoas admitidas e excluídas.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e tras a correspondente valoración, publicarase mediante resolución asinada electronicamente, no sitio web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (<http://cpapx.xunta.gal>) e na intranet de Xustiza (<http://intranet.xustiza.gal/>), a lista provisional de persoas admitidas, ordenadas alfabeticamente, e na cal constará a puntuación detallada por cada unha das épígrafes dos méritos. No caso das non admitidas indicárase, ademais, a causa de exclusión.

No prazo de dez días hábiles a partir da súa publicación, as persoas solicitantes poderán presentar as alegacións que xulguen pertinentes, pero sen que poidan invocar nin acreditar outros méritos distintos dos alegados na solicitude. As ditas alegacións deberanse presentar de xeito electrónico a través do formulario dispoñible na aplicación informática.

As persoas non admitidas e que non emenden o defecto que motivou a súa exclusión consideraranse desistidas da súa solicitude.



2. Listas resultantes.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións, publicarase na forma e nos lugares establecidos no número 1 anterior a resolución coas listas resultantes por cada corpo e provincia ordenadas por puntuación, que aparecerá detallada por cada unha das epígrafes dos méritos.

Cada persoa solicitante só poderá formar parte dunha única bolsa, corpo e provincia, de acordo co previsto no artigo 12 da Orde do 4 de outubro de 2018, polo que, no caso de que estea incluída en bolsas de distintos corpos ou en varias provincias da mesma bolsa, deberá seleccionar aquela única en que desexe quedar. Se non o fai, entenderase que desiste de todas as súas solicitudes.

A elección deberase realizar telematicamente no prazo de dez días hábiles a partir da publicación das listas resultantes previstas neste punto, a través do formulario dispoñible na aplicación informática. Unha vez cuberto o formulario, deberase presentar de xeito electrónico a través da OPAX.

As persoas que unicamente solicitasen formar parte dunha única bolsa, corpo e provincia non terán que efectuar a dita elección.

3. Listas definitivas.

Unha vez rematado o prazo para formular a elección prevista no número 2 anterior, a Dirección Xeral de Xustiza aprobará as bolsas definitivas de persoas seleccionadas para cada corpo e provincia, ordenadas por puntuación, que se publicarán no sitio web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e na intranet de Xustiza.

4. Entrada en vigor das listas.

As listas definitivamente aprobadas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación e substituirán as listas vixentes, que quedarán anuladas nesa mesma data, sen que isto supoña ningún dereito para os seus integrantes.

Con todo, e de acordo coa disposición transitoria terceira da Orde do 4 de outubro de 2018, o persoal que no momento da entrada en vigor estea prestando servizos como persoal funcionario interino seguirá desempeñando o posto de traballo ata que proceda o seu cesamento.



Artigo 9. Recursos

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición, ante o director xeral de Xustiza, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xudicial competente, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; ambos os prazos contaránse a partir da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. Normativa aplicable

Para todas as cuestións non reguladas especificamente nesta resolución atenderase o disposto na Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2022

Juan José Martín Álvarez
Director xeral de Xustiza

